

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 16 DE MARZO DE 2022.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaseis de marzo de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e a Interventora Xeral Municipal accidental, dona Maria Baza Poudereux, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para rehabilitación e ampliación de edificación tradicional sita na rúa da Chanca, número 21 (exp. 2020/Y001/000191); para a construción de vivenda unifamiliar no núcleo rural de Vilaestévez, parroquia de San Xoán do Alto (exp. 2020/Y001/000202); para instalación de elevador en vivenda unifamiliar existente no núcleo rural de Vilaestévez, número 20, San Xoán do Alto. (exp. 2021/Y001/000244) e para parcelamento da parcelasita no núcleo rural de Paderne-o Regueiro, parroquia de San Remixio de Bazar (exp. 2020/Y005/000013).

### **ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**2. FOMENTO.-** Acórdase aprobar o plan estratéxico de subvencións 2020-2022 do Excmo. Concello de Lugo, actualización da anualidade 2022.

**3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdouse aprobar o plan de contratación pública do Concello de Lugo para o ano 2022.

Acórdouse a prórroga do contrato dende o 16/05/2022 ao 15/05/2023 na contratación dun servizo de impresión de recibos non domiciliados do Concello de Lugo (exp. ref. 2019-042).

Tamén se acorda a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra "Adecuación e posta en valor do espazo da cloaca romana situada no edificio da sala de exposicións de Porta Miñá" incluída no programa operativo Feder orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, con

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4753913023792916346.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-3-2022

financiamento do 80% e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2022-C002-000001.

Tamén se acorda a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra "obra de "Urbanización da rúa Xesús Bal e Gay" e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2022-C002-000002.

**4. PERSOAL.-** Acórdouse adiar para un mellor estudo, os seguintes asuntos:

- Informe proposta de desestimación do recurso de reposición interposto fronte ao acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo 8/217 denegación rectificación de erros no acordo número 9/223, do 10/06/2020, de asignación de postos de traballo referente ao posto traballo auxiliar administrativo/a Prevención de Riscos e Saúde código 07/32.

- Informe proposta de desestimación do recurso de reposición interposto fronte ao acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo 8/217 denegación rectificación de erros no acordo número 9/223, do 10/06/2020, de asignación de postos de traballo referente ao posto xefe/a de negociado de Estadística e Cemiterio código 720102/144.

- Informe proposta de estimación do recurso de reposición interposto fronte ao acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo 8/217 denegación rectificación de erros no acordo número 9/223, do 10/06/2020, de asignación de postos de traballo referente ao posto traballo animadora sociocultural adscrita ao Centro Social Uxío Novoneyra, código 4101/90/1.

- Informe proposta de desestimación do recurso de reposición interposto fronte ao acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo 8/217 denegación rectificación de erros no acordo número 9/223, do 10/06/2020, de asignación de postos de traballo referente ao posto traballo administrativo na Unidade de Notificadores código 0201/20.

- Informe proposta de estimación do recurso de reposición interposto fronte ao acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo 8/217 denegación rectificación de erros no acordo número 9/223, do 10/06/2020, de asignación de postos de traballo referente ao posto traballo auxiliar administrativa no Servizo de Persoal código 06/32/1.

- Informe proposta de estimación do recurso de reposición interposto fronte ao acordo da Xunta de Goberno local do Concello de Lugo 8/217 denegación rectificación de erros no acordo número 9/223, do 10/06/2020, de asignación de postos de traballo referente ao posto traballo auxiliar administrativa no Servizo de

Medio Ambiente código 25/32/1.

- Informe proposta de estimación da solicitude de corrección de erro presentada fronte ao acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo número 9/223, do 10/06/2020, de asignación de postos de traballo referente ao posto traballo animadora sociocultural no Servizo de Cultura Turismo e Promoción da Lingua, código 51/90.

- informe proposta de estimación da solicitude de corrección de erros solicitada no acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo número 9/223, do 10/06/2020, de asignación de postos de traballo referente ao posto de traballo auxiliar administrativa no Servizo de Persoal código 06/32/2.

- Informe proposta de estimación da corrección de erro solicitado nos acordos da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo 17/17 de aprobación das bases que rexerán o concurso para a provisión de varios postos de traballo no excmo. concello de lugo para auxiliares administrativos e administrativos e número 9/223, do 10/06/2020, de asignación de postos de traballo referente ao posto traballo administrativa no Servizo de Licenzas código 22/20/01.

- Informe proposta de desestimación do recurso de reposición interposto fronte ao acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo 8/217 denegación rectificación de erros no acordo número 9/223, do 10/06/2020, de asignación de postos de traballo referente ao posto traballo auxiliar administrativo/a no Servizo de Licenzas código 22/32/3.

- informe proposta de estimación da corrección de erros solicitado no acordo da xunta de goberno local do concello de lugo número 9/223, do 10/06/2020, de asignación de postos de traballo referente ao posto traballo auxiliar administrativa na Intervención Xeral código 61/32/2.

- Informe proposta de estimación da corrección de erros solicitado no acordo da xunta de goberno local do concello de lugo número 9/223, do 10/06/2020, de asignación de postos de traballo referente ao posto traballo traballadora social no Servizo de Benestar Social código 41/93.

- Informe proposta de estimación da corrección de erros solicitado no acordo da xunta de goberno local do concello de lugo número 9/223, do 10/06/2020, de asignación de postos de traballo referente ao posto traballo auxiliar administrativa no negociado de estatística Servizo de Participación e Atención Cidadá código 720102/32/2.

- Informe proposta de desestimación do recurso de reposición interposto fronte ao acordo da xunta de goberno local do Concello de Lugo 8/217 denegación rectificación de erros no acordo número 9/223, do 10/06/2020, de asignación de

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4753913023792916346.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-3-2022

postos de traballo referente ao posto traballo auxiliar administrativo/a no Servizo de Asesoría Xurídica código 03/32.

- Informe proposta de desestimación da corrección de erros solicitado no acordo da xunta de goberno local do concello de lugo número 9/223, do 10/06/2020, de asignación de postos de traballo referente ao posto traballo auxiliar administrativo/a no Servizo de Benestar Social CC Uxío Novoneira código 4101/32/2.

- Informe proposta de desestimación da solicitude de corrección de erro fronte ao acordo número 9/223, do 10/06/2020, de asignación de postos de traballo referente ao posto traballo administrativo/a no Servizo de ontratación e Patrimonio código 04/20.

Tamén se acorda a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza analista de sistemas/aplicacións, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OEP 2018).

Acórdase a corrección de erro no acordo 28/59 da Xunta de Goberno Local do 2-2-2022 que aproba as bases que rexerán o concurso para a provisión do posto de traballo de adxunto/a servizo parques e xardíns no Excmo. Concello de Lugo.

Tamén se acorda a corrección de erro do acordo Xunta de Goberno Local do 09/03/2022 de designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de técnico de xestión da escala de administración xeral pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, unha en quenda de acceso libre ordinario e unha en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (OEP 2020).

Así mesmo, acórdase a corrección de erro do acordo Xunta de Goberno Local do 09/03/2022 de designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de técnico de administración xeral pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre (OEP 2020).

### **ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA**

**5. CULTURA.-** Tamén se acorda a desestimación do recurso potestativo de reposición interposto o 22 de novembro de 2021, con base na ratificación no reparo establecido polo servizo de Intervención Xeral Municipal e que consta no expediente con ref. 2021/998, do 18/06/2021.

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de  
Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de  
Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**